

As claves dunha discriminación insoportable

Na reunión de hoxe, a **CIG foi o único sindicato que votou en contra do reparto da produtividade por obxectivos**, porque a proposta da mutualidade, ao igual que a dos últimos anos, supón unha brecha salarial inxustificada.

A contía de produtividade que se percibe en Muface está entre as máis **baixas** de toda a Administración do Estado. Pero por se isto fora pouco, as persoas que tiñan que pedir un aumento do presuposto son as que se quedan cunha parte maior do orzamento existente.

O sistema actual de produtividade está roto. É un mecanismo para **primar a cúpula directiva e as xefaturas**, mentres que o esforzo da base é recoñecido con migallas.

A pesar disto, a proposta de reparto da Administración contou cos votos **favorables** de CC.OO e CSIF.

Muface aínda non recibiu os cartos para abonar a produtividade, pero conta telos esta semana e así poder **pagar** os dous semestres xuntos cunha nómina de incidencias xunto coa nómina de **novembro**.

A **CIG** xa leva tres anos pedindo a negociación dunha instrución que regule ás diferentes produtividades que existen en Muface para que o seu reparto sexa máis xusto e equitativo. Non é admisible que un Nivel 30 poida cobrar case o dobre ca un Nivel 14-18 por obxectivos que se alcanzan grazas ao **esforzo colectivo**.

AS CLAVES DUNHA DISCRIMINACIÓN INSOPORTABLE

1 Produtividade de 40 horas: a Suba salarial encuberta.

- As contías fixas mensuais que perciben os niveis directivos (**Nivel 30 con 1000 €** ou Nivel 29 con 710 €) desvirtúan a lei.
- Este complemento, que debería retribuír o rendemento extraordinario, funciona como unha **suba salarial permanente para a cúpula**, acentuando a distancia cos niveis máis baixos.

2 Produtividade por Obxectivos: a Brecha salarial inxustificada.

- Non é admisible que os niveis máis altos, unha vez máis volvan cobrar **case o dobre** que os niveis máis baixos por obxectivos que se alcanzan grazas ao esforzo colectivo. Mentres un posto de nivel 18 percibe 469 €, un de nivel 30 cobra 828 €.
- **Esiximos a redución a un máximo de 3 tramos** e que a diferenza entre o tramo máis alto e o máis baixo non supere o 10%, garantindo un recoñecemento xusto para todas as persoas.

3 Produtividade de 37,5 horas: o Desprezo ao Persoal de Base.

Mentres se reparten miles de euros en complementos fixos de 40 horas, o persoal de atención ao público, con xornada de 37,5 horas recibe unha asignación fixa mensual de tan só 70 €, e sen poder acceder ao complemento de 40 h. Isto é un insulto ao traballo esencial que mantén o servizo.